

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CEE

*Decreto de nomeamento proceso selectivo para a cobertura definitiva en propiedade mediante sistema de oposición pola quenda libre dunha praza de oficial de primeira albanel*

#### RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** DECRETO NOMEAMENTO proceso selectivo para a cobertura definitiva en propiedade mediante sistema de oposición pola quenda libre dunha praza de oficial de primeira albanel

**EXPEDIENTE DECRETO:** 2024/G003/000719

#### ANTECEDENTES:

Decreto de alcaldía 85/2024 de data 31/01/2024, pola que se aproban as Bases da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura definitiva en propiedade mediante sistema de oposición pola quenda libre dunha praza de oficial de primeira albanel. Expediente TEDEC nº 2024/E001/000001.

Publicación con data 05/07/24 14:30:05 da Acta III pola que se aproba a lista definitiva de puntuacións, proposta de contratación e lista de reservas e requírese ao primeiro candidato/a por orde de puntuación para que aporte a documentación establecida nas bases da convocatoria.

Aportación, con data 08/07/2024, da documentación solicitada para o nomeamento e informe do departamento de persoal de data 31/07/2024 de que a mesma se axusta ás bases da convocatoria.

Informe de fiscalización de data 11/07/2024 co asunto: Bases para albanel do concello de Cee. EXPEDIENTE: 2024/E001/000001

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

- Nomear a **ALBERTO TRILLO PRADO** (DNI \*\*\*3307\*\*) para ocupar unha praza de Oficial de primeira albanel, Grupo de clasificación: IV do Convenio Colectivo, Tipo de relación xurídica: persoal laboral fixo. Correspondencia RPT: vacante, código 010102.
- Advírtese o interesado que, segundo establece a base Duodécima da convocatoria a toma de posesión deberá ter lugar nun prazo de vinte días naturais a contar dende o seguinte ao seu nomeamento, literalmente: "O/a aspirante nomeado/a deberá tomar posesión no prazo de vinte días naturais a contar dende o seguinte ao seu nomeamento, que será obxecto de publicación no BOP"
- Infórmase ao candidato que a toma de posesión da praza de Oficial de Primeira Albanel, suporá o cese na praza que actualmente ocupa actualmente: posto oficial de primeira de mantemento de polideportivos (Bases para a formación dunha bolsa de emprego para as substitucións do posto de oficial de primeira de mantemento de polideportivos en supostos de ausencia, incapacidade e situacións análogas da titular. BOP30/09/2021).
- Conforme as Bases que rexen o proceso, o decreto de nomeamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia.
- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, dentro do prazo de UN MES, ou ben impugnala directamente perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa dentro do prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte á súa notificación, todo iso de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Así mesmo, poderá interpoñer o recurso extraordinario de revisión en vía administrativa, perante o mesmo órgano que o ditou, polos motivos e no prazo previsto no artigo 125 da Lei 39/2015

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, 5 de agosto de 2024.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

[Documento asinado electrónicamente]

2024/5631